

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE TRADUCIÓN E LINGÜÍSTICA

CAPÍTULO PRELIMINAR

ARTIGO 1.

O Departamento de Tradución e Lingüística rexerase no marco do sinalado na Lei orgánica 6/2001, de universidades (LOU), polo disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo, no Regulamento de constitución de departamentos, ou norma que o substitúa, e no presente regulamento.

ARTIGO 2.

1. O Departamento de Tradución e Lingüística agrupa a todos/as os/as docentes e investigadores/as pertencentes ás áreas de coñecemento de Tradución e Interpretación (código 814) e Lingüística Xeral (código 575), agás os/as que obteñan a adscrición a outro departamento por aplicación do artigo 8 do RD 2360/1984, do 12 de decembro, ou do artigo 6 do Regulamento de constitución de departamentos.

2. O Departamento de Tradución e Lingüística é o órgano encargado en todos os centros da Universidade de Vigo da organización e desenvolvemento do ensino e da investigación nas devanditas áreas de coñecemento.

ARTIGO 3.

A sede do Departamento de Tradución e Lingüística localízase na Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo. Para estes efectos rexe o disposto no artigo 10 do Regulamento de constitución de departamentos.

ARTIGO 4.

O Consello de Departamento poderalle propor ao Consello de Goberno a creación de seccións departamentais cando concorran circunstancias de tipo xeográfico, de coherencia científica ou investigadora.

CAPÍTULO I: FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO

ARTIGO 5.

1. Correspóndelle ao Departamento a titularidade e o exercicio das seguintes funcións de acordo co establecido no artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo:

- a) Idear a proposta de plan de ordenación docente que lle corresponda, de conformidade coa normativa da Universidade e coas necesidades xustificadas polos centros, e coordinar as ensinanzas que se lle atribúan.
- b) Elaborar informes sobre as necesidades de persoal docente e investigador necesario para executar a súa planificación de actividades docentes e investigadoras, con atención e respecto das necesidades xustificadas polos centros.
- c) Fomentar e promover proxectos, convenios e contratos de investigación e de desenvolvemento.
- d) Participar nos procedementos de selección do PDI nos termos que regulamentariamente determine o Consello de Goberno.
- e) Intervir na xestión da calidade que lle corresponda.
- f) Xestionar e administrar a súa asignación orzamentaria, así como solicitar os recursos económicos e materiais necesarios para exercer as súas funcións.
- g) Programar e asignar os seus medios e recursos, así como coidar, manter e renovar os seus bens.
- h) Promover actividades e iniciativas docentes, investigadoras e de transferencia de coñecemento do seu persoal académico.
- i) Impulsar a formación e a renovación pedagóxica, científica, técnica ou artística do seu persoal docente e investigador.
- j) Todas as funcións que estes estatutos e outras disposicións vixentes lle poidan atribuír.

2. Corresponderalles ás áreas de coñecemento que integran o Departamento:

- a) Elaborar a proposta de organización docente nas materias adscritas a cada área.
- b) Propoñerlle ao Consello de Departamento a convocatoria de concursos de prazas dos corpos docentes.
- c) Prever a distribución do orzamento correspondente a cada área segundo os criterios xerais establecidos polo Consello de Departamento.
- d) Desenvolver outras funcións que lle sexan asignadas puntualmente polo Consello de Departamento ou que aparezan recollidas nos Estatutos da Universidade de Vigo.

Todas estas decisións que se deriven das devanditas competencias terán que ser sometidas a aprobación en Consello de Departamento.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

ARTIGO 6.

Son órganos de dirección e xestión do Departamento os seguintes:

- a) Órganos colexiados:
 - a. O Consello de Departamento.
- b) Órganos unipersoais:
 - a. O/A director/a.
 - b. O/A secretario/a.
 - c. Os/As directores/as das seccións departamentais, de ser o caso.

CAPÍTULO II.I. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

SECCIÓN 1. DO CONSELLO DE DEPARTAMENTO

ARTIGO 7.

1. Segundo consta no artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo, o Consello de Departamento é o órgano colexiado de representación e de decisión do Departamento. Na súa composición respectaranse de forma aproximada as seguintes porcentaxes:

- a) 75 %: membros natos.
- b) 10 %: representantes do PDI-B que non sexan membros natos.
- c) 10 %: representantes de estudantes.
- d) 5 %: representantes do PAS.

2. Son membros natos do Consello de Departamento o PDI con título de doutor ou doutora e o PDI con vinculación permanente á Universidade.

3. Os membros electos do Consello de Departamento renovarase cada dous anos.

ARTIGO 8.

Son competencias do Consello de Departamento:

- a) Elaborar, aprobar e modificar a proposta do seu Regulamento de réxime interno.
- b) Elixir e revogar a persoa que desempeña a Dirección do Departamento.
- c) Escoller, se é o caso, os ou as representantes do Departamento en todos os órganos en que estea representado.
- d) A titularidade das competencias que estes estatutos ou outras normas regulamentarias lle atribúan ao Departamento.

ARTIGO 9.

1. O Consello de Departamento reunirse con carácter ordinario, polo menos, unha vez por trimestre ou, con carácter extraordinario, ben por iniciativa do/a director/a, ben por pedimento dun terzo dos seus membros ou dunha área. Con esta petición, deberanse achegar as sinaturas das persoas que solicitan a reunión, o carácter de urxencia e o(s) tema(s) que se solicita(n) tratar. Unha vez recibida a petición de reunión con carácter extraordinario, o/a director/a disporá dun prazo de oito días hábiles para convocar e realizar a sesión extraordinaria solicitada. Se a petición se fai con carácter de urxencia, convocarase nun prazo de catro días hábiles. Os prazos fixados contarase a partir da data de rexistro de entrada da petición.

2. Salvo que o Consello de Departamento determine o contrario, as súas xuntanzas terán lugar na sede do Departamento. A asistencia poderá ser presencial ou telemática (Skype, correo electrónico, chat, etc.). Neste caso, os membros que desexen asistir a distancia deberán solicitarllo por correo electrónico ao secretario do Departamento cunha antelación mínima de 24 horas. Os medios electrónicos e audiovisuais que se empreguen para organizar de forma telemática a sesión garantirán a identidade dos membros ou persoas que os suplan, o contido das manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre os membros en tempo real e dispoñibilidade de medios durante a sesión.

3. As reunións do Consello de Departamento convocarase en primeira e segunda convocatoria.

4. As reunións ordinarias do Consello de Departamento serán convocadas cunha antelación mínima de dous días naturais, tendo en conta, de ser o caso, que haxa membros do Consello radicados en campus distintos ao da sede do Departamento. As reunións extraordinarias convocarase cun mínimo de vinte e catro horas de antelación.

5. Na convocatoria de reunión ordinaria deberá especificarse a data e o lugar da primeira e segunda convocatoria, así como os puntos da orde do día. Na convocatoria extraordinaria tamén se especificarán a data e o lugar da reunión así como a orde do día, que pode incluír máis dun punto (agás informe do/a director/a e rolda aberta de intervencións), sempre e cando recollan asuntos urxentes.

6. Na orde do día dunha sesión ordinaria incluíranse os asuntos solicitados por escrito cunha antelación de 72 horas e o escrito estará asinado polo 10 % dos membros do Consello.

7. O Consello de Departamento entenderase constituído en primeira convocatoria coa asistencia (presencial ou a distancia) da metade dos seus membros, sempre que entre eles figuren o/a director/a e o/a secretario/a (ou persoas que as substitúan, tras manifestaren os titulares tal circunstancia por escrito e con constancia na acta). De non acadar esta asistencia, constituirase en segunda convocatoria transcorridos 30 minutos, coa presenza do 25 % dos seus membros e sempre coa asistencia do/a director/a e secretario/a ou quen os/as substitúa.

8. A asistencia ás sesións do Consello de Departamento é obrigatoria para os seus membros. Os membros que non poidan asistir presentarán xustificación, por escrito, da súa ausencia ao/á secretario/a antes do inicio da sesión.

9. Perderase a condición de membro electo por finalización legal do mandato, por pedimento propio e por perda das condicións necesarias para ser elixido. No caso de vacante dun/dunha candidato/a electo/a no Consello de Departamento, nomearase o/a seguinte candidato/a máis votado/a na respectiva lista.

10. As reunións do Consello de Departamento terán lugar tentando ter en conta as preferencias de horarios dos membros.

11. Nas convocatorias ordinarias deberán figurar como mínimo os seguintes puntos:

- a) Aprobación das actas das sesións anteriores (previamente remitidas).
- b) Informe do/a director/a.
- c) Rolda aberta de intervencións ou Outros asuntos.

12. Para debater asuntos específicos, a proposta do/a director/a ou por petición propia, poderán ser convidadas ás reunións do Consello de Departamento con voz, pero sen voto todas aquelas persoas que non sexan membros deste e que teñan algunha relación cos temas que se vaian tratar.

ARTIGO 10.

1. O réxime de votación para a toma de acordos, agás no establecido noutros artigos deste regulamento, será o seguinte:

- a) por asentimento a proposta do/a director/a;
- b) en votación por maioría simple dos asistentes. De producirse un empate, realizarase unha segunda votación. Caso de persistir o empate, o voto de calidade do/a director/a será decisivo.

2. Requirirase a maioría absoluta de votos emitidos nos seguintes casos:

- a) Revogación do/a director/a, logo da presentación dunha moción de censura.

- b) Aprobación do Regulamento de réxime interno.
 - c) Modificación ou supresión do articulado do Regulamento de réxime interno do Departamento.
3. As votacións poderán ser públicas, a man alzada ou secretas, ben cando o solicite un membro do Consello, ben cando se voten asuntos que afecten a persoas concretas.
4. A participación nas deliberacións e votacións é persoal e indelegable, tanto de forma presencial como por medios telemáticos audiovisuais, auditivos ou escritos.
5. Non poderá ser obxecto de acordo ningún punto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do Consello de Departamento, estes dean conformidade á inclusión dun novo punto e que se declare de urxencia a súa resolución.

ARTIGO 11.

1. De cada sesión do Consello de Departamento redactarase acta, que contará coa relación de asistentes e a mención expresa de todos aqueles membros que xustificaran a súa ausencia, así como as circunstancias de lugar e tempo en que tivo lugar, un resumo das deliberacións, a forma e o resultado das votacións e o contido literal dos acordos. Tamén figurarán nela todas aquelas intervencións que os membros do Consello de Departamento desexen que figuren expresamente. Neste caso, o/a secretario/a poderá solicitar a redacción resumida, por escrito, desas manifestacións.
2. As actas, asinadas polo/a secretario/a, co visto e praxe do/a director/a, serán sometidas á consideración do Consello para a súa aprobación, se procede, na sesión ordinaria inmediatamente posterior.
3. As actas poderán ser consultadas, en presenza do/a secretario/a, por calquera membro do Consello de Departamento.
4. O/A secretario/a expedirá certificacións de cada acta ou dunha parte desta a calquera membro do Consello de Departamento que llas demande.

CAPÍTULO II.II. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

SECCIÓN 1. DO/A DIRECTOR/A

ARTIGO 12.

1. O Departamento terá un/ha director/a que será elixido polo Consello de Departamento de acordo co establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e no artigo 18 do Regulamento de constitución de departamentos ou norma que o substitúa.

2. Os/As candidatos/as á Dirección do Departamento terán á súa disposición un prazo máximo de dúas semanas anteriores ao día da elección para depositar na sede do Departamento e nos centros onde houber membros do Departamento unha declaración expresa da candidatura xunto co programa.

ARTIGO 13.

1. O/A director/a de Departamento será nomeado/a polo/a reitor/a da Universidade de Vigo. O nomeamento seralle comunicado ao Consello de Goberno e aos/ás decanos/as ou directores/as das facultades e escolas universitarias onde o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

2. O cargo de director/a de Departamento desempeñarse durante tres anos con posibilidade dunha soa reelección. Tras dous mandatos consecutivos deberán transcorrer tres anos para que poida volver presentarse para o mesmo cargo.

3. En caso de ausencia, baixa por maternidade ou outros supostos legais, enfermidade ou dimisión do/a director/a substituirase segundo o indicado no acordo de Consello de Goberno polo que se regula o procedemento de designación dos/as directores/as en funcións. O/A director/a será o/a profesor/a numerario/a máis antigo/a da área de coñecemento que achegue máis número de profesores/as numerarios/as de acordo cos criterios de xerarquía, dedicación e antigüidade.

4. A ausencia do/a director/a non debe prolongarse máis de tres meses, salvo por baixa de maternidade ou outros supostos legais que constitúan unha discriminación. Fóra deses casos convocaranse novas eleccións, nos termos previstos no artigo 18 do Regulamento de constitución de departamentos ou norma que o substitúa.

ARTIGO 14.

1. Son funcións do/a director/a do Departamento:

- a) Presidir os órganos colexiados do Departamento, que convocará para as súas xuntanzas ordinarias e extraordinarias de acordo co establecido no seu regulamento.
- b) Exercer a representación do Departamento.
- c) Executar os acordos do Consello de Departamento e velar polo seu cumprimento.
- d) Dirixir e coordinar a actividade do Departamento en todas as ordes da súa competencia.
- e) Executar as previsións orzamentarias.

- f) Xestionar asuntos de trámite (permisos, informes sobre bolsas de colaboración no Departamento...), sempre e cando cumpran os requisitos esixidos para cada caso.
- g) Calquera outra que lle encomende ou delegue o Consello de Departamento ou que se estableza no presente regulamento.

SECCIÓN 2. DO/A SECRETARIO/A

ARTIGO 15.

1. O/A secretario/a será nomeado/a polo/a reitor/a a proposta do/a director/a do Departamento de entre calquera dos membros do Consello de Departamento que cumpran cos requisitos mínimos esixidos polos Estatutos da Universidade.
2. Son funcións do/a secretario/a do Departamento.
 - a) Redactar as actas das sesións do Consello de Departamento e enviarllelas aos seus membros xunto coa seguinte convocatoria.
 - b) Expedir as certificacións que lle sexan requiridas.
 - c) Custodiar o arquivo e a documentación do Departamento.
 - d) Calquera outra que lle encomende ou delegue o/a director/a do Departamento ou que se estableza neste regulamento.
3. No caso de ausencia do/a secretario/a superior a tres meses, deberase propoñer outro/a secretario/a.
4. O/A secretario/a do Departamento cesará por decisión do/a reitor/a, por proposta do/a director/a do Departamento, cando cese o/a director/a do Departamento que o/a propuxo ou por pedimento propio.

CAPÍTULO III: DA ORGANIZACIÓN DOCENTE

ARTIGO 16.

1. O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente. Así mesmo remitiralle á Reitoría a relación das materias dispensadas por cada un/ha dos/as profesores/as de cada área.

ARTIGO 17.

1. O reparto da carga docente farase de xeito equitativo entre todo o profesorado de cada área e de acordo co disposto na normativa universitaria aplicable vixente en cada momento. Pola natureza das súas funcións, e dada a súa posición privilexiada para interpretar as necesidades de formación do alumnado, o Departamento é o órgano

designado para repartir a carga docente de xeito eficaz. Recoméndase polo tanto que na elección de cada materia se atenda á especialización de cada profesor/a, en función da súa traxectoria docente e investigadora. Para facilitar a distribución da docencia, o profesorado poderalle comunicar ao Departamento unha declaración que recolla os datos pertinentes sobre a súa traxectoria, e na que se exprese a súa dispoñibilidade para atender determinadas materias e afíns.

2. A distribución das obrigas docentes deberá considerar no posible a necesidade de cubrir todas as ausencias que, por motivos xustificadas, se poidan producir por parte dos membros do Departamento ao longo do curso. Recoméndase que se lle atribúan as horas de docencia sobrevidas ao profesorado que teña folgas. Poderanse empregar para iso os datos de dispoñibilidade declarados polos/as docentes ao Departamento.

3. Se as necesidades docentes así o xustifican, o profesorado asociado do Departamento poderá escoller docencia para o próximo curso con independencia da natureza do seu contrato, posto que a contratación se realiza para o curso académico e a súa duración pode ser de primeiro cuadrimestre, de segundo cuadrimestre ou anual. A posterior asignación da docencia ao profesorado ao que o Consello acorde renovarlle ou transformarlle o contrato realizarase seguindo a normativa vixente aplicable en cada momento.

4. O POD é de obrigado cumprimento.

5. Calquera modificación do POD respecto das materias asignadas aos/ás docentes e do número de horas de dedicación a clases teóricas e prácticas debe contar coa autorización do Consello de Departamento.

CAPÍTULO IV: DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

ARTIGO 18.

1. A promoción do profesorado dependerá de criterios obxectivables de currículo científico e académico.

2. As propostas de membros titulares e suplentes que teñan que formar parte dunha comisión para a adxudicación de prazas dos diferentes corpos universitarios ou de contrato, tribunais, etc. serán realizadas pola(s) área(s) implicada(s) seguindo os criterios que con carácter xeral acorde o Consello de Departamento e o disposto nas normativas de rango superior.

CAPÍTULO V: DO RÉXIME ECONÓMICO

ARTIGO 19.

1. Para atender as súas necesidades, o Departamento contará cos seguintes recursos:

- a) Os créditos que se lle concedan nos orzamentos da Universidade.
- b) As imposicións procedentes dos contratos aos que se refire o artigo 83 da Lei orgánica de universidades.
- c) Calquera outra imposición que se lle poida atribuír.

ARTIGO 20.

O/A director/a do Departamento elaborará e presentarlle ao seu consello a proposta de reparto do orzamento anual de gastos e imposicións para que sexa aprobada.

ARTIGO 21.

Os gastos de funcionamento comprenden os de mantemento, material de oficina e todos aqueles que se consideren gastos de carácter xeral.

CAPÍTULO VI: DA REFORMA DO REGULAMENTO

ARTIGO 22.

1. A iniciativa para a reforma do presente regulamento correspóndelle ao/á director/a do Departamento ou a un terzo dos membros do Consello de Departamento.
2. Xunto coas propostas de reforma dirixidas ao/á director/a do Departamento deberase achegar un texto articulado e a argumentación na que se fundamentan.
3. O debate para a reforma do regulamento terá lugar nunha sesión extraordinaria do Consello de Departamento.
4. Con carácter previo ao debate para reformar o Regulamento, someterase á consideración do Consello de Departamento a conveniencia de reformalo e, no caso de considerarse adecuado, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.
5. A reforma do Regulamento requirirá a aprobación da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Todos os membros do Departamento estarán suxeitos ao seu regulamento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación, tras ser aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.